



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I CATEDRAL DE SANTIAGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL “O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS”

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Antonio López Díaz**, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

Doutra parte, **D. Román Rodríguez González**, en calidade de presidente da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

E doutra parte, **D. Segundo Leonardo Pérez López**, como Deán da S.A.M.I. da Catedral de Santiago, con CIF- R1500415C, segundo nomeamento efectuado mediante Decreto do 14 de xaneiro de 2013 do Exmo. e Rvdo. Sr. Arcebispo de Santiago, don Julián Barrio Barrio.





EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.

Segundo o Protocolo de Creación de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 11 de outubro de 2007, as Cátedras Institucionais da USC son ámbitos especiais para a reflexión, o debate, o estudo e a investigación en todos os ámbitos académicos, que xorden da necesidade de potenciar ao máximo a relación entre a comunidade universitaria e o seu entorno, na busca de se converter nun importante foco de proxección da imaxe exterior da nosa Universidade.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a axencia pública autonómica creada co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

A Axencia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Terceiro.- Que a S.A.M.I Catedral de Santiago, meta da peregrinación xacobeá, garda a memoria e conserva as pegadas que os peregrinos foron deixando ao longo da Historia. Legado que adquire a múltiple forma e variedade da produción artística, documental e espiritual evocativa significativa que se fai patente na magnificencia dos bens culturais materiais e inmateriais que a configuran. Ademais, e desde as súas orixes, a Catedral procurou a promoción da cultura, o saber e a súa transmisión xunto coa asistencia, acollida e coidado dos peregrinos en todas as súas diversas circunstancias. Igualmente na actualidade segue sendo obxecto de estudo e investigación e suxeito activo e promotor das devanditas actividades a través de publicacións, congresos e outros medios.



AP

[Handwritten signature]





Cuarto.- Que por medio do convenio asinado o 19 de agosto de 2016 creouse a Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións. O citado convenio estendía a súa vixencia durante os anos 2016 e 2017.

O 21 de maio de 2018, asinouse un novo convenio para o desenvolvemento da citada cátedra, vixente ata o 31 de decembro de 2018.

Quinto.- Que a Axencia Turismo de Galicia está interesada en promover a docencia, investigación, desenvolvemento e a innovación do Camiño de Santiago e a peregrinación, polo que desexa colaborar coa USC e coa Catedral de Santiago, dando continuidade a colaboración para o desenvolvemento da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

A Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, polas razóns expostas de interese público, colaborar economicamente no desenvolvemento da cátedra. Non é posible promover unha convocatoria pública de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, ao ser a USC a única entidade organizadora da cátedra.


En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen a renovación do convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións básicas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia, a e a S.A.M.I. Catedral de Santiago para o axeitado desenvolvemento das actividades da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións coa finalidade de fomentar a investigación, docencia e difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación.





Segunda.- Obxectivos da Cátedra

Son obxectivos da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións da USC, relativos ao desenvolvemento de actividades académicas, científicas, culturais, de comunicación e de I+D nas diferentes ramas do coñecemento vinculadas co Camiño e as Peregrinacións:

- a) A difusión dos valores asociados coa peregrinación e inherentes ao Camiño de Santiago.
- b) A promoción da investigación científica no campo do Camiño de Santiago e a peregrinación a Santiago, nas diferentes ramas do coñecemento da USC.
- c) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, coñecemento, innovación e desenvolvemento económico e social do Camiño de Santiago e a peregrinación.
- d) A promoción e organización de cantas actividades académicas contribúan a facilitar a reflexión e o debate cultural e académico no ámbito do camiño de Santiago, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación cultural e universitaria.
- e) A colaboración con profesores e Departamentos universitarios en todo o que favoreza a formación integral dos alumnos.
- f) A difusión do coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.
- g) A creación e mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas do Camiño de Santiago e disciplinas relacionadas.
- h) A promoción da inserción profesional dos estudantes universitarios participando, no seu caso, nas actividades realizadas pola Cátedra, como pode ser a través de prácticas académicas externas extracurriculares.





i) A procura de que a cultura xacobeá se vincule cada vez máis estreitamente coa formación das promocións universitarias, a investigación científica e o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Terceira.- Actividades


1. As actividades, de interese para todas as partes, a realizar dentro da Cátedra son as seguintes:

- Realización de actividades de divulgación relacionadas cos fins da Cátedra.
- Dotación de bolsas e/ou contratos de formación e/ou investigación.
- Convocatoria de premios para traballos de investigación e concursos de ideas.
- Promoción de prácticas en empresa e dos proxectos fin de carreira en empresas.
- Potenciación de liñas de investigación de interese conxunto.
- Divulgación das actividades da Cátedra.
- Realización de publicacións sobre temas de interese relacionados coa temática da Cátedra.
- Actividades de xornadas de divulgación técnica, tecnolóxica, científica e cultural.

2. A Axencia Turismo de Galicia e a Catedral colaborarán coa Cátedra de cara á visibilización e promoción das actividades e proxectos que se desenvolvan; con este obxectivo poderán facer uso dos medios de difusión interna e externa que consideren pertinentes.

As partes asinantes do convenio poderán facer uso das súas marcas exclusivamente en relación ás actividades realizadas ao amparo da Cátedra.

3. A Cátedra servirá, así mesmo, como instrumento para favorecer a colaboración entre investigadores, profesores e profesionais de renome internacional, cos profesores e investigadores





da USC, así como coa Catedral de Santiago e a Axencia Turismo de Galicia e outras entidades que abordan o estudo do Camiño de Santiago e a peregrinación

4. As actividades da Cátedra desenvolveranse en galego, castelán e inglés, e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

Cuarta.- Compromisos das partes para a execución das actividades da cátedra

1. A USC, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a realizar todas as actividades necesarias para que o proxecto se desenvolva correctamente. Comprometéndose a:

-Organizar e dirixir a Cátedra.

- Executar o orzamento, de maneira que a contribución económica da Axencia de Turismo de Galicia minorarase de forma proporcional, no caso de que a Universidade de Santiago de Compostela non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

-Entregar á Comisión de Seguimento do convenio unha memoria académica e económica das actividades realizadas.


- Facer constar a cooperación da Axencia de Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre a Cátedra, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagóxico que se puidera distribuír (folletos, publicacións e demais documentación)

-Promocionar a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, promocionarase a marca Xacobeo 2021, de conformidade co manual de identidade visual, que se pode consultar no seguinte enlace <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021>.



(Handwritten signature)

(Handwritten signature)



- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada Lei

2. Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar economicamente na creación da Cátedra e o carácter único da entidade organizadora do mesmo xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública, segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. Pola súa parte, a Catedral colabora poñendo á disposición a sede da Cátedra, no Centro Internacional de Acollda aos Peregrinos, nos espazos destinados especificamente a esta finalidade, na rúa Carretas, en Santiago de Compostela

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais dunha das partes respecto das outras na realización de tarefas no seno da cátedra.


Ambas entidades comprométense, de conformidade coa Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a cooperar na aplicación da normativa sobre a prevención de riscos laborais. A tal fin, establecerán os medios de coordinación que sexan necesarios en canto á protección e prevención de riscos laborais e a información sobre os mesmos aos seus respectivos traballadores, nos termos previstos no apartado 1 de artigo 18 desta Lei.

Quinta.- Dirección da Cátedra: estrutura e funcións

A Dirección da Cátedra estará constituída por:

- Director/a da Cátedra que será un/unha profesor/a doutor/a, a tempo completo en activo nomeado pola USC e de común acordo coa Catedral e a Axencia Turismo de Galicia.
- Dúas codireccións que serán persoas de recoñecido prestixio nomeadas respectivamente pola Catedral e pola Axencia de Turismo de Galicia de común acordo coa USC.





A Dirección da Cátedra, acordada polas partes asinantes do convenio, responderá a un perfil de prestixio académico, profesional, técnico e científico, correspondendo o seu nomeamento ao Reitor da USC. O nomeamento dos membros da Dirección deberá realizarse no prazo de dous meses a partir da sinatura do presente convenio.

Todos os cargos serán nomeados polo período de vixencia do convenio, podendo ser reelixidos no caso de renovación do convenio e poderán cesar por decisión do responsable do seu nomeamento, previo acordo das partes asinantes ou por renuncia aceptada por estes.

A Dirección da Cátedra reunirse e organizarse de acordo cos seus propios criterios e necesidades, correspondéndolle as seguintes funcións:


- Elaborar, organizar e desenvolver a programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra, que previamente valide a Comisión de Seguimento da Cátedra que se regula na cláusula quinta.
- Elaborar a xestión económica dos orzamentos anuais necesarios para o desenvolvemento da programación de actividades.
- Presentar á Comisión de Seguimento da memoria anual de actividades e da memoria económica da Cátedra.
- Achegar á Vicerreitoría competente na materia e ás outras partes asinantes do convenio mostras dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra.
- Presentar perante a Axencia Turismo de Galicia a Memoria anual de actividades e do estado e xustificación de gasto, segundo se establece na cláusula novena do presente convenio.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia de Turismo de Galicia ou a Xunta de Galicia, nin coa S.A.M.I. Catedral. A Axencia Turismo de Galicia, como entidade



R

[Signature]



financeira das actividades da Cátedra, e a S.A.M.I. Catedral non responderán por responsabilidade directa, indirecta nin subsidiaria, polas actuacións de desenvolvemento das actividades da Cátedra.

No suposto que a Universidade contrate con terceiros deberá suxeitarse ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Sexta.- Comisión de Seguimento da Cátedra


A efectos de favorecer unha comunicación fluída entre a USC, a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e mellorar a promoción e o seguimento das actividades e orzamentos que se desenvolvan dentro do ámbito de actuación da Cátedra, constituirase a Comisión de Seguimento formada polo Vicerreitor ou Vicerreitora da USC responsable das Cátedras Institucionais, ou persoa na que delegue, e os membros da Dirección da Cátedra.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- Validar a programación de actividades da Cátedra, para cada unha das anualidades.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria anual de actividades e proxectos da Cátedra.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria económica anual de actividades da Cátedra.
- A autorización e establecemento das condicións de intervención doutras entidades que queiran colaborar na realización desas actividades.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.

Os acordos na comisión alcanzaranse por consenso de todos os membros, e en todo o non establecido no convenio aplicarase o réxime que para os órganos colexiados se establece na Lei





16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico sector público.

Correspóndelle á Vicerreitoría con competencias na materia presentar ante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra.

En todo caso, en relación á subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

Sétima.- Comisión asesora

O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago terá a condición de órgano asesor desta Cátedra. Para levar adiante esta función se realizará unha sesión polo menos anual, onde a dirección da Cátedra recollerá as aportacións e suxestións sobre actividades que pode desenvolver a Cátedra. A sesión poderá ser presencial ou a través de videoconferencia ou sistemas similares.

Oitava.- Orzamento da Cátedra-


O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a 90.000€ que se distribúen nas anualidades 2019, 2020 e 2021 (30.000€/ anualidade).


Novena.- Detalle da subvención

1. Os orzamentos estimados correspondente ás actividades a desenvolver son os que se detallan a continuación:

Anualidade 2019:

III Seminario (Febreiro-Novembro)	6.000,00
Seminario Facultade de X ^a e H ^a (Abril)	300,00
Encontro Universitario (Maio)	2.000,00






Seminario en Lisboa (Xuño)	1.500,00
III Congreso Internacional (Outubro)	8.000,00
Bolsas de Investigación	3.000,00
Premio de Investigación	1.000,00
Premio Traballo Fin Grao/Máster	500,00
Publicacións de libros	6.000,00
Difusión actividades e outros	1.700,00
Total	30.000,00€

Anualidade 2020:

IV Seminario (xaneiro-decembro)	6.000,00
IV Congreso Internacional Grupo Compostela (Outubro)	8.000,00
Outros congresos, seminarios, encontros	3.000,00
Proxectos de investigación	6.000,00
Premio de Investigación	1.000,00
Premio Traballo Fin Grao/Máster	500,00
Colaboración con institucións	2.000,00
Publicacións de libros e elaboración de produtos audiovisuais	2.000,00
Difusión actividades e outros	1.500,00
Total	30.000,00€




Anualidade 2021:

V Seminario (xaneiro-decembro)	6.000,00
V Congreso Internacional Grupo Compostela (Outubro)	8.000,00
Outros congresos, seminarios, encontros	3.000,00
Proxectos de investigación	6.000,00
Premio de Investigación	1.000,00
Premio Traballo Fin Grao/Máster	500,00
Colaboración con institucións	2.000,00
Publicacións de libros e elaboración de produtos audiovisuais	2.000,00
Difusión actividades e outros	1.500,00
Total	30.000,00€

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no desenvolvemento da Cátedra mediante a súa achega económica, que implica a concesión dunha subvención directa, co obxecto de posibilitar a realización das actuacións conducentes á consecución dos obxectivos da Cátedra, como unha compensación dos gastos soportados pola USC no desenvolvemento dos citados estudos, sen que exista por parte daquela ánimo de lucro.

3. A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de 30.000€, en cada unha das anualidades 2019, 2020 e 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.744.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos da comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, a achega económica da Axencia terá como finalidade o financiamento dos gastos de xestión para o desenvolvemento das actividades da Cátedra, a remuneración do profesorado e conferenciantes, a realización de prácticas externas por parte de estudantes da USC, a compra de



Xacobeo 2021

R

[Signature]



material, promoción, gastos protocolarios, mobilidade de alumnos e profesores, viaxes, aloxamento e manutención.

4. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2019** e ata a data límite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.


5. Así mesmo, a Cátedra terá autonomía financeira a través das seguintes fontes de financiamento:

- Partidas que para isto destine a USC sen que isto supoña compromiso orzamentario.
- Partidas dispostas de xeito explícito nos Convenios asinados pola USC e que afecten á Cátedra.
- Colaboración de institucións, fundacións, empresas e outras personalidades xurídicas que apoien ou secunden os proxectos e actividades da Cátedra.
- As matrículas nos cursos ou actividades organizadas pola Cátedra consonte, en calquera caso, coa normativa vixente na USC.
- As achegas persoais, doazóns e calquera outra partida que non menoscabe o estipulado no presente convenio en relación ás funcións e actividades a desenvolver.

6. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións e recursos aos que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo

17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.







Décima.- Pagamento

1º.- A achega da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia (30.000€/ano) será librada previa presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas, de acordo coa modalidade de conta xustificativa, de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento indicaranse as desviacións producidas.
 - b) Ao tratarse dunha subvención concedida a unha Universidade, certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto global sen necesidade de xustificación.
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.





- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.


A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do Convenio.

2º O prazo para xustificar as anualidades por parte da USC da aplicación dos fondos percibidos remata o **30 de novembro de cada ano**. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.


3º. De conformidade co artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade poderá substituír por declaración responsable a obriga de presentar a certificación prevista no artigo 10 do antedito decreto de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



AP

[Handwritten signature]



Undécima.- Pagamentos a conta e anticipados


Segundo se establece no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, realizadas nas diferentes anualidades por un importe máximo do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.


Coa solicitude de anticipo, a USC terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Poderanse realizar **pagos a conta**. Os pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do citado Regulamento.

Para proceder ao seu pagamento a USC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula anterior. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

A USC está exenta da obriga de prestar garantías para os pagamentos a conta e anticipados, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c).





Décimo segunda.- Réxime de obrigas e publicidade do convenio

A USC terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Xacobeo 2021



Décimo cuarta .- Difusión das actividades

As partes acordarán, de mutuo acordo, as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das investigacións realizadas no marco das actividades da Cátedra.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a USC, a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago.

Décimo quinta.- Modificación e resolución do convenio

1. Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude deste convenio, salvo expresa autorización por escrito das outras partes contratantes.


2. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.


Así mesmo, calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito.

3. Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A declaración xudicial de nulidade do convenio.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes se comprometen a continua-la ata a finalización das actividades en curso.





A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorratio dos custos entre as partes, en función das contías económicas efectivamente xustificadas.

Décimo sexta.- Dereito aplicable


O presente convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime Xurídico do sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas no seu caso pola Comisión de seguimento do convenio nin na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as partes, dado o interese común nas actividades do convenio, por común acordo expreso poidan instrumentar a súa renovación, polo período que se indique de ser o caso, no convenio de renovación. En todo caso, a prórroga que se acorde non poderá superar os catro anos, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Universidade de Santiago de Compostela Pola Axencia Turismo de Galicia

O reitor



Antonio López Díaz

O presidente


Román Rodríguez González

Pola S.A.M.I. Catedral de Santiago

O deán


Segundo Leonardo Pérez López